



O CAMIÑO DE SANTIAGO

Corría o ano 830 cando un ermitán chamado Pelayo viu unhas luces que viñan dun bosque próximo. Este curioso fenómeno repetíase cada noite, polo que Pelayo estrañado decidiu avisar a Teodomiro, o agradable bispo de Iria Flavia. Teodomiro foi á zona e descubriu tres sarcófagos que estaban ocupados polo apóstolo Santiago o Maior e os seus discípulos Anastasio e Teodoro.

Teodomiro asombrado por atopar ao apóstolo Santiago e aos seus discípulos, avisou ao rei daquel entón, Alfonso II o Casto, que non dubidou en ir canto antes con toda a súa corte desde Oviedo ata Santiago, converténdose no primeiro peregrino. Unha vez alí, Alfonso levantou unha capela xunto ao mausoleo que atopara Teodomiro. Os primeiros grupos beneditinos chegaron a Santiago e instaláronse no mosteiro de San Paio de Antealtares, desde onde vixiaban as reliquias do apóstolo Santiago e os seus discípulos.

Foi pasando o tempo e a pequena capela que construíra orixinalmente Alfonso II, sufriu ata catro reconstrucións e ampliacións. En 1075, construíuse a catedral románica que hoxe podemos ver na Praza do Obradoiro. Este fenómeno non tardou en propagarse por toda Europa, e os peregrinos comezaron a peregrinar ata a catedral de Santiago de Compostela, convertendo esta peregrinación nunha das máis importantes do mundo.

Despois de ler a historia da Catedral e por que se comezou a peregrinar a ela facendo o Camiño de Santiago, contesta ás seguintes cuestións marcando a opción correcta:

1.- O ermitán que viu as luces, chamábase...

- Teodomiro
- Pelayo

2.- En que ano se avistaron as luces que marcaban o sepulcro?

- 730
- 830

3.- O rei por aquel entón era...

- Alfonso X O Sabio
- Alfonso II O Casto

4.- O rei decidiu levantar unha capela onde estaban os tres sarcófagos:

- Verdadeiro
- Falso

5.- No lugar das luces atoparon tres sarcófagos, de quen?

- O apóstolo Santiago O Maior e os seus discípulos.
- O apóstolo Santiago O Menor e os seus discípulos.

6.- Cando se constrúe a catedral?

- 1075
- 1065

7.- Contesta. Como se chama a praza onde se sitúa a catedral?